



Exp: 49/29

ID: 1933

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a trinta de maio de dous mil un

Visto o expediente de clasificación do monte coma veciñal en man común denominado *Carqueixal*, a solicitude dos veciños dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo, no Concello de Montederramo.

Resultando que con data 9 de abril de 1999, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente, en Ourense, escrito dirixido ó Xurado provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo, da parroquia de San Cosme, no Concello de Montederramo, solicitando se declare o monte coma veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 30 de xuño de 1999, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. Abel Carbajales Santaefemia e D. Jose Ramón Goyanes Flores, que aceptaron tal cargo, librándose



mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños representantes dos lugares anteditos, ó Ilmo. Sr. presidente da Deputación provincial de Ourense, ó Sr. Alcalde do Concello de Montederramo, á Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria: Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural, á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, e ó xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello de Montederramo, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, que durante o prazo sinalado en edictos para que os interesados puidesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, como segue:

Asiento nº 1.117 do Diario 19, anotación preventiva Letra A.

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.



Considerando que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para cofece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños



Considerando que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comunciros pedi-la "actio communi dividundo".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños

dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo , no Concello de Montederramo

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo, están conformes coa clasificación do citado monte coma veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación iniciouse por acordo do xurado, a instancia dos veciños dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo, para que este Xurado poida acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Considerando que no recoñecemento en campo se comproba que a superficie do monte é de sete (7) hectáreas, tres (3) menos das solicitadas, concretándose o seu perímetro e precisando os lindeiros , tal e como se reflictan na parte dispositiva do acordo.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así coma o establecido na Lei de procedemento administrativo de 30 de novembro de 1992.



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

A C O R D A:

Primeiro. - CLASIFICA- lo monte denominado *Carqueixal*, de sete (7) hectáreas de superficie , aproximadamente, a favor dos veciños dos lugares de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo, (parroquia de San Cosme) , no Concello de Montederramo (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Montederramo (Ourense)

Denominación: Monte "CARQUEIXAL"

Comunidade propietaria: veciños de Verducedo, A Lama, Viloxe, A Cepada e Cascarballo.(parroquia de San Cosme)

Superficie: 7 Has., aproximadamente.

Estremas:

Norte: Leiras particulares pola divisoria de augas.

Sur: Leiras particulares de D. Antonio González González e D. Andrés Fernández Domínguez (veciños de Verducedo), e polo regato " Forcha" co m.v.m. "Murriosa" da parroquia de San Cosme, no Concello de Montederramo.

Leste: pola pista forestal co m.v.m.c. "Partido" de Fontedoso e Mazaira, no Concello de Montederramo.

Oeste: leira particular de D. José Gómez Gómez



Descrición do perímetro:

Partindo do punto sito máis ó Sur (1), sobre a pista forestal, a liña segue pola dita pista na dirección norte uns 90 metros, ata un punto (2), sito fronte á unhas pendentes de roca de lousa . Entre os puntos (1) e (2) limita polo leste co monte m.v.m.c. "Partido" de Fontedoso e Mazaira. Dende o punto (2) a liña ascende ó alto sinalado no plano co número (3), de 1.205 metros de altitude. Dende este alto, a liña segue na dirección noroeste, baixando pola divisoria de augas, ata atopar no punto (4), unha leira particular de d. José Gómez Gómez, veciño de Viloxe. Dende este punto e ata o punto (5), bordea a leira citada na dirección suroeste. Dende o punto (5) ó (6) bordea na dirección sureste, as leiras de D. Antonio González González e d. Andrés Fernández Domínguez, sitas entre o arroio "Forcha", e o monte que se describe. Dende o punto (6) ó (1) a liña discorre pola valgada que continúa o arroio "Forcha" na dirección leste, lindando co m.v.m.c. "Murriosa" da parroquia de San Cosme.

Segundo .- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó Sr. Alcalde-presidente do Concello de Montederramo, ós representantes da comunidade veciñal, ó sr. xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución que pon fin

á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).



ESCALA 1:10.000.

VILLOXÉ

Alto de la Armada

FONTEDESO

CONCELLO DE MONTEDEERRAMO

Finca particular
D. José Gómez Gómez

culares
González González
ernández Domínguez

Monte vecinal en mano común: "Murriosa"
Pertenencia: Parroquia de San Cosme
Concello: Montederramo

Monte vecinal en mano común: "Partido"
Pertenencia: Fontedoso y Mazaira
Concello: Montederramo